



Intervención da presidenta do Parlamento de Galicia na presentación da edición facsimilar de *Cantares Gallegos*

Parlamento de Galicia, 25 de abril de 2013; 19.00 h.

Presidente da Xunta de Galicia,
Conselleiro de Educación, membros da Mesa, portavoces,
deputados do Parlamento de Galicia,
Presidente do Consello da Cultura Galega,
Presidente da Real Academia Galega,
Marina Mayoral,
Amigas e amigos:

Para o Parlamento de Galicia é unha honra presentar esta edición de *Cantares Gallegos*, coa que tres institucións estatutarias, Parlamento de Galicia, Xunta de Galicia e Consello da Cultura Galega, nos sumamos á conmemoración do 150 aniversario da súa publicación .

Tamén estamos moi satisfeitos pola celebración deste acto na sede do poder lexislativo galego, que agradezo ao Consello da Cultura Galega e á Xunta de Galicia, celebración que reflicte, unha vez máis, que nada do que acontece en Galicia debe resultar alleo a esta institución.

Alguén ten dito que Rosalía «vén ser ao mesmo tempo a base e mais o cumio do rexurdimento poético de Galicia». Ninguén o dubida, e hoxe escoitámolo aquí nas fermosas palabras de Marina Mayoral.

Cando Rosalía traballaba neste libro, a poesía medieval permanecía descoñecida e inédita. Mesmo o seu esposo, Manuel Murguía, escribía en 1865 que «Galicia espera, todavía, ese gran poeta».

Cantares é incomparablemente superior a todo o que o precede. Rosalía inspirouse directamente na poesía popular de



Galicia e atopou a maneira de seu para expresar o que se propuña.

E aínda que no seu tempo non foi moi recoñecida, todos sabemos que o verdadeiro valor dun poeta o deciden os que veñen despois. E dende hai 150 anos, Galicia enteira valorou e valora a obra rosaliana.

A ecuación entre Rosalía e Galicia, en palabras de Carballo Calero, é un feito tan evidente que non precisa demostración. É un mito. E sigo citando a Carballo: «unha fada sinxela, garimosa e tenra». É a propia Galicia na súa dimensión sentimental.

Desexo que esta edición facsimilar que o Parlamento se honra en coeditar teña una longa traxectoria de éxitos, porque será o éxito dunha obra plenamente integrada no conxunto de elementos materiais e inmateriais que nos identifican como cultura e como pobo.

Quero, neste punto, agradecer especialmente a Guillermo Escrigas a súa colaboración, pois grazas a el e ao préstamo que nos fai da súa espléndida biblioteca, xunto con fondos bibliográficos do Parlamento e do Consello da Cultura Galega, podemos expoñer aquí, nesta sala, as 14 primeiras edicións de *Cantares Gallegos*.

Á marxe do exemplar que cada un vai recibir esta tarde, o Parlamento de Galicia súmase á homenaxe que Galicia enteira rende este ano a *Cantares Gallegos* publicando, tamén, na nosa web, a edición facsimilar que agora presentamos, buscando así o efecto multiplicador que a rede nos ofrece.



Ten a palabra o presidente da Xunta, que clausurará o acto. E logo escoitaremos de novo o grupo 2 *na fronteira*, que interpretará *Airiños*, para saír á rúa co eco das verbas musicadas de Rosalía e co libriño que imos entregar nas mans.